

## CONSELLO ASESOR:

ANTON COSTA - MODESTO

HERMIDA - MANUEL JANEIRO

- ANTON LAMAPEREIRA -

RAFAEL OJEA - MIGUEL

VAZQUEZ FREIRE



## SEMANARIO DE EDUCACION DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO II-N.º 86

### Informe

# A imaxe na escola

ANTON COSTA RICO

O Programa da Dirección Xeral de Cultura da Consellería de Educación

Na preocupación por formar cidadáns para unha sociedade na que cada vegada máis está presente a imaxe como mensaxe e como medio comunicativo/informacional ao servizo do desenvolvemento cultural, é de salientar a iniciativa emprendida pola Dirección Xeral de Cultura cando estaba ao cargo de Luis A Pousa e que continúa actualmente a prol do apoio e da potenciación de iniciativas tendentes a un maior coñecemento e emprego da linguaxe icónica nos centros escolares galegos.

Deste modo, durante o presente curso académico 1984-85, que agora rematou puxo-se en marcha un Centro de Recursos, levando-se a cabo un empréstimo de 20 equipos completos de material tecnolóxico audiovisual a outros tantos centros de ensino medio, para que así os alumnos e os profesores dos centros seleccionados puideran realizar prácticas e experiencias de produción e de creación de imaxes en relación coas áreas de interese dos participantes, favorecendo tamén o coñecemento da linguaxe icónica.

A iniciativa contou coa participación dun ensinante excepcional, Manuel González Álvarez, incitador do cultivo da imaxe nos centros de ensinanza, do que xa deixara constancia nos centros de FP de Allariz e Padrón e en varias Escolas de Vran.

Os 20 equipos de material tecnolóxico cedidos, por selección pública, atendendo aos criterios de reparto xeográfico e estrutural no marco galego, de experiencia previa de traballo audiovisual nos centros seleccionados e de existencia dun proxecto de actuación con carácter interdisciplinario e con capacidade de animación socio-cultural no entorno, estiveron constituídos por:

- Un magnetoscopio estacionario
- Un magnetoscopio portátil
- Unha cámara de vídeo
- Un tripode
- Un monitor de color
- Un cargador de baterías con dúas baterías.
- 20 cintas virxes
- Unha cámara fotográfica reflex
- Un proxector de diapositivas con sincronismos, e
- Un magnetófono

Durante o curso académico, ademais do traballo e accións específicas desenvolvidas en cada un dos centros seleccionados, tiveron lugar un mangado de accións de conxunto, necesarias para a operatividade de experiencia.

No mes de Outubro do 84 tivo lugar un seminario de formación tecnolóxico para os 20 profesionais do ensino encargados no total dos centros a cargo de varios especialistas, a seguir, distribuíuse o material oportuno nos centros seleccionados; ao longo do curso éstos



MAGAR

elaboraron dúas memorias sobre as súas actividades en relación coa imaxe; por cinco ocasións foron enviados aos centros dossiers documentais cun total de 36 traballos sobre a fotografía e o vídeo en relación coa educación publicados en Cuadernos de Pedagogía, Video Actualidad, Diagroup, AIC, MIVEM no remate

do primeiro trimestre académico realizouse xa un encontro dos profesores, para o debate da experiencia e o visionado das primeiras mostras dos traballos efectuados; fixéron-se, asemade, visitas individualizadas aos distintos centros, para a análise e a orientación sobre o programa en marcha, así como

un novo encontro de profesores e varios cursiños no final do mes de marzo.

Xa no mes de maio, distribuíuse a cinco centros de ensino medio un total de 50 títulos de programas realizados polo conxunto dos 20 centros, esperándose que a primeira parte da experiencia finalice a finais do mes de xuño, cunha xuntanza xeral dos profesores e a presenza de 300 estudantes en Santiago de Compostela, onde se terá ocasión de visionar e analizar colectivamente o conxunto das realizacións. Será, tamén, a ocasión para propoñer as modificacións e innovacións a levar a cabo no próximo curso; inaugurárase a videoteca de Galiza, con varias sesións comarcais/provinciais; convocaráse un concurso de guións didácticos e publicaranse os resultados da experiencia.

Tendo en conta o número de programas elaborados, así como a súa amplitude temática temos que valorar positivamente a experiencia tanto pola súa produtividade, como polo que de innovador amosa a iniciativa, nun terreno tan preciso para o desenvolvemento cultural e normalización da cultura galega. E polo mesmo, parece oportuno o promover e intensificar o actual programa de introducción da imaxe nos centros de ensino en Galiza.

Por outra parte, consultados diversos profesores participantes, puxeron de manifesto o interese e a motivación coa que os estudantes tiñan seguido a inicia-

### OS CENTROS DE ENSINO MEDIO SELECCIONADOS A CORUÑA

Instituto de F.P. (Politécnico)-Ferrol  
Rosalia de Castro B.U.P.-Santiago  
Monelos B.U.P.-A Coruña  
Riveira B.U.P.-FP  
Betanzos F.P.  
Menéndez Pidal F.P.

### LUGO

Instituto Ntra.Sra. dos Ollos Grandes-B.U.P.  
Burela F.P.  
Becerreá B.U.P.  
Monforte F.P. n.º 2

### ORENSE

Instituto Otero Pedrayo B.U.P.  
F.P. n.º 2 A Farixia  
Celanova F.P.  
Verín B.U.P.

### PONTEVEDRA

Instituto Alexandre Bóveda B.U.P.  
F.P. de Nigrán  
Pontearreas B.U.P.  
A Estrada B.U.P.  
A Guardia F.P.  
Cambados B.U.P.

## Informe

## A imaxe na escola

Ven da páx. 113

tiva, o desexo de participar nela por parte de outros profesores e alumnos, a capacidade do vídeo e dos demais instrumentos tecnolóxicos para axudar a xenerar un xeito anovador de facer a docencia e de vivir o tempo académico.

Puxeron tamén de relevo que os programas de introducción da imaxe tiñan insidido no desenrolo de actitudes pedagóxicas de cooperación entre profesores e alumnos, tendo-se favorecido a xeneración dunha actitude investigadora e crítica, colaborando así a facer dos estudantes axentes de creación cultural, co que esto supón de superación de pasividades culturais que, en absoluto, favorecen o desenrolo de personalidades con capacidade de innovación e de interpretación da actual realidade socio-cultural que nos envolve.

E de agardar, pois que a experiencia se intensifique e madure, como unha ponla mais da escola galega e anovadora que aquí a acolá se está a construír.

#### PRODUCCIONS EN VHS REALIZADAS POLOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA POR ALUMNOS E PROFESORES

##### CORUÑA

INSTITUTO BUP «Menéndez Pidal»:

—«Volar una cometa» 15 min.  
—«Entroido 85 en Coruña» 17 min.  
—«Boy, queremos vacaciones» 13 min.

INSTITUTO BUP «Monelos»

—«El escalár» 26 min.

INSTITUTO F.P. Betanzos

—«Museo das Mariñas» 21 min.

INSTITUTO F.P. Riveira

—«O cultivo do mexilón» 10 min.

INSTITUTO POLITECNICO Ferrol

—«Análisis do mensaxe audiovisual» 12 min.

—«La fabricación del pan» 9 min.

INSTITUTO BUP «Rosalia de Castro»

—«Nuestras mates» 10 min.

—«¡Adios! Homaxe a Rosalia» 13 min.

##### LUGO

INSTITUTO BUP «Ollos Grandes»

—«Belezas de Lugo», 20 min.

—«Conversa con Anxel Fole» 30 min.

—«Leiras Pulpeiro» 17 min.

INSTITUTO BUP Becerreá

—«Megalonio nos visita» 5 min.

—«A matanza en Becerreá. Economía e festa» 18 min.

—«Fernán Vello, poeta», 27 min.

INSTITUTO F.P. «A Binguela»-Monforte.

—«O tren dos viños» 5 min.

—«Bóveda» 11 min.

—«Cómo se fai un xarro» 10 min.

—«Reconversión en Monforte» 33 min.

—«Camisa blanca» (videoclip de Ana Belén) 3 min.

##### OURENSE

INSTITUTO F.P. Celanova

—«As setas» 16 min.

—«Castromao» 12 min.

INSTITUTO BUP Verín

—«Peligrosa María» 5 min.

—«Cómo pudiste hacerme esto a mí» 5 min.

—«Grags soltos» 5 min.

I.B. «Otero Pedrayo»

—«6 aparatos de física» 10 min.

—«Sto. Tomás de Aquino» 13 min.

—«Día del Arbol 85» 10 min.

—«Día del Libro» 28 min.

##### PONTEVEDRA

INSTITUTO BUP «Alexandre Bóveda»-Vigo

—«A cidade e os artistas» 12 min.

—«Una clase moi diferente» 4 min.

—«Qué pasa no castro» 10 min.

—«Entroido 85» 20 min.

—«Intercambio Vigo-Lorinet» 10 min.

—«Materiais para ética, entrevista con Fisacs» 20 min.

—«P.E.P.E.»

—«BRRR...» 8 min.

—«Variacións paranoicas...» 10 min.

—«Ultramarinos Troncoso» 5 min.

—«Maxic Xow» 8 min.

INSTITUTO BUP A Estrada

—«O día da paz» 12 min.

—«Carvales en Bandeira» 40 min.

INSTITUTO BUP Pontearas

—«Qué jóvenes somos» 15 min.

—«El misterio del castro de Troña» 35 min.

INSTITUTO BUP Nigrán

—«Coñece a túa escola» 8 min.

—«Peito de lobo» 27 min.

—«Papel paripo vampiro» 2 min.

—«Esto vai en serio» 13 min.

—«Play back Iron Malden» 6 min.

INSTITUTO BUP A Garda

—«Lírica medieval» 16 min.

—«The chant-carteles para la paz» 4,45 min.

—«Ratas do calexón» 11 min.

—«Gatos callejeros» 10 min.

—«A lenda de Breogán» 11 min.

—«Soñaba» 6 min.

—«Lelia doura» 1 min.

—«Videoclip» 1 min.

INSTITUTO BUP Cambados

—«Creencias y prácticas supersticiosas» 20 min.

##### OUTROS

COLEXIO N. Monte Outo

—«Lírica medieval» 10 min.

—«Evolución da lingua galega»

I.F.P. Alariz

—Produccións deo I.F.P. Alariz

ESTAS PRODUCCIONS PODEN CONQUERIRSE EN:

Instituto BUP «Ollos Grandes»-LUGO

Instituto BUP «Alexandre Bóveda»-VIGO

Instituto BUP «Otero Pedrayo»-OURENSE

Instituto BUP «Menéndez Pidal»-CORUÑA

ARQUIVO DA IMAXE DE GALICIA/Rúa do Villar 35-2.º SANTIAGO

## Opinión

## Teleadicción peligrosa

NELSON ALEXANDER

Muchos son los niños que hoy en día pasan la mayor parte de su tiempo libre frente al aparato de televisión. La pequeña pantalla se ha convertido en una de sus principales distracciones y a pesar de que a veces la programación no es la más adecuada para su edad, la prefieren a cualquier forma de entretenimiento activo.

La situación es muy preocupante ya que, además de otra serie de consecuencias negativas que tiene a nivel social, pueden dañar también la inteligencia de los niños. En estos términos se han manifestado la británica Faith Hall, profesora y terapeuta del lenguaje, que ha fundado el Grupo de Acción de Televisión, cuyo objetivo es alertar a los padres de este peligro.

## HIPERACTIVIDAD Y PESADILLAS

Faith Hall sospechó que la pequeña pantalla podría ser nociva para los más jóvenes cuando estaba trabajando en una clínica ayudando a un grupo de niños con problemas de lenguaje.

Se dio cuenta de que casi todos sus pacientes veían televisión durante varias horas seguidas al día.

Muchos de ellos tenían problemas de hiperactividad, insomnio, pesadillas y enuresis nocturna.

Hubo un caso que la trastornó sobremedida. Un día llegó a la clínica un niño de cinco años en un estado verdaderamente deplorable. Había algo que le daba tal terror que apenas si podía hablar.

Según supo luego, el niño se había quedado hasta muy tarde viendo un programa de televisión la noche anterior. El argumento versaba sobre un niño que se había quedado encerrado en una caja de caudales.

A Faith esto le llegó muy hondo y se preocupó profundamente ya que se dio cuenta de que no podía tratarse de un caso aislado.

Leyó entonces un informe en el que se señalaba que la mayoría de los niños de su país veían televisión entre tres y cinco horas diarias, o sea, más horas de las que asisten al colegio anualmente.

Esto le sorprendió tanto que de inmediato elaboró un plan de acción. Comenzó por escribir a todos los periódicos planteando sus puntos de vista.


La respuesta fue inmediata. A los pocos días recibió cientos de cartas en las que le decían que estaban de acuerdo con ella y la alentaban a seguir adelante con su campaña. El resultado fue que unos cuantos interesados se reunieron y formaron el grupo.

En la actualidad los afiliados superan los ocho mil y, entre otras acciones editan un cuadernillo en el que advierten de los peligros que conlleva el ver mucha televisión.

## NO SE APRENDE NADA

Diversos estudios realizados en varios países a este respecto han demostrado que los niños que ven televisión en demasía se muestran perezosos en el colegio, sin deseos de leer, sin tomar parte activa en las clases y con menos vocabulario que sus compañeros.

Los niños no aprenden casi nada de la televisión y mientras más la ven, menos cosas recuerdan.



Aquellos que pasan la mayor parte del tiempo libre frente a la pequeña pantalla se muestran remisos a utilizar su cerebro y eluden hacer cualquier cosa que les obligue a realizar un esfuerzo mental por pequeño que sea. Por otra parte, creen con un sentimiento de rechazo hacia el trabajo, lo que hace que más tarde no disfruten con él.

En un informe dado a conocer por el gobierno de los Estados Unidos se puede leer que la violencia que se muestra en algunos programas conduce a la delincuencia juvenil e incluso infantil y añade que la televisión hace que los niños sean más desconfiados.

## CONVERSACIONES DEFICIENTES

De acuerdo con un estudio realizado a 350 familias norteamericanas los niños que a los seis años ya son asiduos televisivos se muestran más propensos a tener dificultades para leer y comprender y muy deficientes a la hora de sostener una conversación.




Otra investigación realizada también en los Estados Unidos demostró que, independientemente de la posición económica de los padres y de la inteligencia del niño, éste no tendrá un buen rendimiento escolar si ve mucha televisión.

Muchos niños que ni siquiera pueden repetir las canciones infantiles más populares, en cambio se saben de memoria las canciones de todos los spots publicitarios.

En una ciudad canadiense en la que no había televisión los niños eran confiados, rendían en el colegio, lograban mejores resultados en los tests de inteligencia y creatividad y eran menos agresivos que los que vivían en ciudades similares pero con televisión. Sin embargo esta diferencia desapareció cuando una estación de ondas repetidoras la hizo llegar a sus hogares.

## Maxistérico

PEPE CARREIRO



# Xogos



## Ajedrez

FCO. CARRERA PEREZ


### El Rey enrocado

Cuando el Rey está enrocado es más difícil darle mate que en el centro, pero eso no quiere decir que el enroque sea inatacable. Hay muchas clases de mates contra el enroque.

Ya sabemos que la dama es la pieza más poderosa y, generalmente, sin su ayuda no se puede atacar con éxito, aunque se pueden conseguir mates muy bonitos sin dama.

En el diagrama vemos una posición muy simplificada, donde las 2 piezas blancas, alfil y caballo, dan mate al Rey ayudadas por la mala colocación de la torre negra.

Hay 2 maneras distintas de solucionarlo, pero en ambas se da mate con el caballo en solo 2 jugadas.




Mate en 2

Diagrama 14

Sol. al ant.: 1 Ab5+ C.b5 (El caballo tuvo que comerse al alfil) 2. De 6 mate.

## A xanela



LA ISLA DE LAS MANZANAS y LOS HIJOS DEL CAPITAN de Juan Fariás  
Colección "Las campanas". EDITORIAL

### MIÑON.

Juan Fariás nació gallego, a la orilla del mar. Aprendió a leer y reír mientras los adultos se daban de estacazos. A pesar de todo consiguió ser un niño normal. De mayor fue marinero, no pudo ser bailarín, caminó vagabundo por donde lo llevó su suerte y descubrió que leer también es una aventura emocionante. Ahora es padre de familia, tiene cinco hijos y lo que más le gusta es verlos crecer. A veces, cuando le sobra tiempo, escribe lo que antes les contó a sus hijos, lo que a él le contó su padre y a su padre el abuelo que nunca conoció.


LA ISLA DE LAS MANZANAS y LOS HIJOS DEL CAPITAN es un libro de recuerdos. Dos extraordinarios relatos doblemente interesantes: por su contenido y por la forma literaria.

*A Pizarra*

*Coleccionable  
para os mois pequenos*

N.º 29

Complemento de «A Pizarra» de FARO DE VIGO - ANO II Domingo 4 de agosto de 1985






## A posta do sol






Unha experiencia para estudar

# Arquimiro

Evaristo Pereira



No  
curral  
de  
Don  
Mundo



AV! O MEU  
DEDO,  
COMO  
ME ARDE



# “Astronomía local sinxela”

XAVIER FDEZ. NOGUEIRA

Cando os rapaces escoitan falar das liñas imaxinarias da esfera terrestre (círculos polares, trópicos, ecuador) sacan moitas veces ideas pelegriñas do seu significado, e non saben a que se deben, nin o que representan.

Para tratar de explicarllo algo, podemos facer a seguinte experiencia:

Dende o colexio, si non está moi mal situado, ou dende un punto próximo dende o que se divise con certa amplitude a posta – e a seren posible a nacementa – do Sol, tomaremos nota do ORTO e o OCASO. Con intervalos regulares – cada semán, mes, comenzo de estación, ou todas elas xuntas – voltaremos a facer o mesmo.

De setembro a NOITEBOA ollaremos como o SOL se vai poñendo cada vez máis o SUR, e como os días decrecen.

Arredor desta fecha o SOL parece non avanzar nin para o NORTE nin para o SUR. E, o SOLSTICIO (Solstat: Sol quedo, estático) de INVERNO.

Sobor dos primeiros días de xaneiro escomezan de novo a medraren

visiblemente os días, e o SOL a poñerse cada vez máis o NORTE.

En xunio, polo SAN XOAN, chega este o punto máis o NORTE no horizonte. E, o SOLSTICIO do VRAN, o día máis longo do ano.

Esta é a base da vella sabiduría agraria. O segredo básico da casta dos sacerdotes exipcios e incas: O CALENDARIO SOLAR, preciso para dirixir a ceifa das sementeiras.

Heredadas deste mundo lonxano, siguen hoxe celebrándose, cristianizadas, as dúas festas que marcan a carreira solar: o NACEMENTO e a PLENITUDE, Nadal e San Xoan. No San Xoan (Solsticio do Vran) os raios do Sol son perpendiculares o Trópico de Cáncer. Polo Nadal (Solsticio de Inverno) sono o Trópico de Capricornio. E, o máximo e o mínimo anual, nos días, e na “carreira” do Sol. E, cando “o Sol vira”, como din os paisanos. Polo meio – Equinocio – os raios solares están perpendiculares o Ecuador.

Estes tres puntos (trópicos e ecuador) no debalar do Sol marcan o co-



menzo das catro estacións. Anque, en rigor, podemos decir que só existen dúas: o Inverno e o Vran, a do recollimento ate esperar a que “Vire” o Sol, naza de novo (NADAL); e a da alegría exultante das fogueiras simbólicas do día máis longo do ano, cando vai “virar” de novo, para colle-lo seu camiño milenario. EXERCICIO PRACTICO (6.º CURSO)

Facer un perfil do horizonte que se olle dende a xanela, porta ou lugar preto do colexio ou casa de cada un, cara a banda do Oeste (Posta do Sol). Tamén se pode facer do Nacente.

Ir situando neste perfil o lugar exacto onde se pon (ou nace) o SOL o longo do curso, especialmente dende NADAL ate SAN XOAN.

Unha vez feita a gráfica-perfil, comentádeo na clase e sacade conclusións.

Sobor de un mapa a grande escala podedes tirar tamén conclusión sobor da situación astronómica de certos moimentos ou lugares de algún interés (paisaxístico, arqueolóxico, artístico, etc.).



## Cismando a reo

## Tódalas bibliotecas para todos

VALENTIN ARIAS LOPEZ

(Información previa: aquí escribo Vigo porque me resulta mais doado do que é escribir cada unha, calquera cidade ou mesmo toda Galicia; mais o que aquí se di é válido, con seguridade, ó menos, para o conxunto do noso país. E imos ó conto, xa que logo).

¿Cantas bibliotecas públicas hai en Vigo? Menos das que debía haber, penso eu. ¿Canta xente acode a estas bibliotecas? Menos da que debería acudir, teño para min. ¿Qué se fai por divulga-la existencia destas bibliotecas e facilita-lo acceso ás mesmas? Estou por escribir: cero mata cero. ¡E pois temos uns índices de lectura ridículos!

Poucas bibliotecas, poucos libros e infrutilizados estes. Os feitos cantan. E están á man de quen os queira considerar. Abonda con dar unha volta polas bibliotecas e as bibliotequiñas que hai aquí. E non debía ser nin ten porque ser así.

Sen acudirnos a receitas máxicas, hai unha chea de cousas útiles que podemos e debemos facer. Pero de contadiño, ¿eh? Por exemplo. ¿Por qué non se fai chegar a cada veciño —directamente por escrito, a través da prensa e a radio, nos lugares de traballo, de esparcemento e de estudo— información abonda, detallada e suxestiva no tocante á existencia e mais á utilización, axeitada e cumprida, das bibliotecas públicas? Non é cousa que resulte carosa nin serían cartos mal empregados os que se gastasen neste lerio. ¿Por qué non se facilita o acceso ás bibliotecas públicas —e aquí inclúo as chamadas municipais, provinciais, de centros docentes, de institucións diversas, etc.—, abrindoas a



reo, a tódalas horas e tódolos días, cos turnos de persoal para atendelas que sexan precisos? O que é por falta de xente para este mester non será, pois que cadraría mellor pagarlle a un para que traballe que non o guindarle unha axuda de parado para que non pereza. ¿E por qué non se facilita a utilización das bibliotecas tendo un ficheiro de tódolos libros de tódalas bibliotecas, coa indicación de onde se atopa cada un dos mesmos, á disposición do público en cada unha delas? A proposta non é difícil de realizar, certamente. Con tal de reproducir-la ficha de cada libro tantas veces como bibliotecas haxa e mandar unha copia a cada unha destas, asunto concluído. E as ventaxes non habían ser cativas: cada quen podería consulta-la obra que lle interesase, indo sempre a tiro fixo á biblioteca onde a mesma se atopase.

(Conclusión e remate: onde escribin podemos e debemos facer debería escribir ¿para qué serven ou qué centella pintan os que nos administran que nin sequera fixeron estas miudallas organizativas xa? E pois por falta de repetírmolo certamente non ha quedar).

## Experiencias

## A guía telefónica na escola

XAVIER FDEZ. NOGUERIA

Xa fai algúns anos, con ocasión dun traballo escolar monográfico sobor de unha veciña Bisbarra do Sur da provincia pontevedresa, dinme conta da utilidade que reporta a información que conteñen as guías telefónicas. Co paso dos cursos, confirmome e reafirmome na dita utilidade pedagóxica de tan insospeitados libros de texto. E non soio polo acopio de datos, internacionais, nacionais e locais que conteñen, senón porque están ó alcance de unha porcentaxe bastante considerable de alumnos; ben porque teñen instalado teléfono nas súas vivendas, ben porque existe á disposición deles, nunha mancha de lugares (entidades públicas, bares, e, xeralmente, no propio colexio).

Non pensemos que a nomeada utilidade destas guías limitase unicamente ó concerninte ás chamadas "Ciencias Sociais" (mapas, croquis, dibuxos, fotografías, servicios públicos, comunicacións, urxencias, metereoloxía, regulamento do servicio telefónico etc.), senón que atinxe igualmente á Linguaxe (Toponimia, nomes de persoa, apelidos, etc.); ás matemáticas (cálculos de cómo obter tarifas adecuadas nas comunicacións, gráficas, estrutura do servicio telefónico), e aínda ate a Relixión.

Así como a contestar o **Cuestionario** que aparece en papel-cartulina xusto antes de escomenzar a Guía propiamente dita (teléfonos), xeralmente sin arrincar e por tanto enviar, con suxerencias, opinións e protestas, á tal "compañía Telefónica Nacional de España".

Exemplo de traballos:

1.—Elaborar un mapa, o unha gráfica, das cabeceiras de Axuntamento, segundo a cantidade de teléfonos recistrados na guía.



O mesmo, poñendo soamente aquelas entidades que sobrepasen os CEN teléfonos (unha columna, ou un chisco menos, aproximadamente).

As **panadeiras** nas principais cidades e vilas do Baixo Miño, segundo a Guía Telefónica.

Estudo de unha entidade (aquela na que está instalado o centro) de provocación en concreto, segundo a rede telefónica.

2.—O apelido "**GROVA-GROBA**" na provincia de Pontevedra (ou no Baixo Miño, ou en Vigo). O mesmo con outros, que poden ser os dos rapaces, profesor, ou raros e suxerentes.

3.—A tarificación na área urbana de Vigo: entre abonados do mesmo distrito, con distritos periféricos, coas outras redes provinciais, etc.

4.—A implantación de tal ou cal confesión relixiosa, segundo a Guía Telefónica, na provincia, bisbarra, concello ou localidade.

As parroquias en Vigo.

En fin, ollamos aquí un campo, cecais inesplorado, cecais inesplorado coma tantos outros, que conforman e enchen un anaco da realidade cotidián de todos nos, alumnos e profesores. Realidade hoxe, das comunicacións, e aínda mais mañán, con toda seguridade.

## La mujer vista por los niños

## Concurso de FARO DE VIGO para escolares de 10 a 14 años

1.º—Podrán participar en este concurso todos los escolares de edades comprendidas entre los diez y catorce años. Podrán hacerlo a título individual o mediante el canal del colegio en que realizan sus estudios.

2.º—Los trabajos se presentarán en letra clara y legible, con una extensión mínima de un folio y máxima de tres, por una sola cara.

3.º—El tema será necesariamente referido a "LA MUJER" y podrá tratarse de una redacción escolar, una narración corta, o un comentario. Deberán de estar redactados en gallego o castellano.

4.º—Los trabajos se remitirán firmados por los alumnos, con el nombre, dirección, curso y colegio claramente especificados.

5.º—Se establecen los siguientes premios:

1.º—Un viaje a Disneyworld de cinco

Desde su sección semanal MULLERES y en colaboración con el suplemento de educación A PIZARRA, FARO DE VIGO convoca el PRIMER CONCURSO DE REDACCION Y NARRACIONES CORTAS SOBRE LA MUJER, que se regirá por las siguientes

## BASES

días de duración, para el alumno ganador y un acompañante (Los gastos de este viaje comprenden desde la salida del ganador de su hogar hasta el regreso al mismo, corriendo a cargo de la organización del concurso los gastos de traslado, hospedaje y manutención del premio y su acompañante). Este premio es gentileza de una institución oficial.

2.º—Un ordenador personal.

3.º—Una bicicleta.

4.º—Cinco lotes de libros para los trabajos clasificados en cuarto, quinto, sexto, séptimo y octavo lugar.

5.º—Doce bolsas de deportes, gentileza de FARO DE VIGO, para los tra-

bajos clasificados entre el noveno y veintavo lugar.

6.º—Se establece un premio consistente en una BIBLIOTECA BASICA que será entregada al colegio en que curse sus estudios el alumno ganador. FARO DE VIGO otorgará a los ganadores y sus colegios placas conmemorativas del concurso y de la clasificación en el mismo.

7.º—Los tres primeros trabajos ganadores serán publicados en la página semanal MULLERES de FARO DE VIGO y los diecisiete restantes, en función de la disponibilidad de espacio, serán igualmente publicados en MU-

LLERES o en A PIZARRA.

8.º—El plazo de admisión de originales finaliza el 21 de diciembre de 1985. El fallo del jurado será dado a conocer en la página MULLERES de 6 de febrero de 1986 y en A PIZARRA de 9 de febrero de 1986.

9.º—Los trabajos habrán de remitirse a FARO DE VIGO, concurso LA MUJER, apartado de correos 91. VIGO.

10.º—La entrega de premios se realizará en VIGO en fecha y local que oportunamente se anunciará.

11.º—El jurado será nombrado por la dirección de FARO DE VIGO entre personalidades del mundo de la enseñanza y la cultura gallega y dado a conocer en el momento del fallo.

12.º—Las decisiones del jurado serán inapelables.

Prensa na escola

A prensa do maxisterio en Ourense

MARCOS VALCARCEL

A primeira iniciativa deste tipo en Ourense encontrámola na lonxana data de 1880. O primeiro de xuño deste ano sae á rúa "La Instrucción", revista adicada á defensa do ensino e do maxisterio, como rezaba no seu subtítulo. Era unha revista quincenal, de oito páxinas, dirixida por D. Aureliano Ares de Parga. Tiña a súa Redacción e Administración na Rúa das Flores de Ourense e imprimíase na imprenta de "La Propaganda Gallega". Esta revista, da que só coñecemos uns poucos números, ten un interese preferentemente profesional e informativo e debeu deixar de publicarse aos poucos números de nacer.

Pero o momento de apoxeo da prensa do ensino situase no cambio do século: na primeira década do século XX sucedense até seis publicacións relacionadas co maxisterio. A primeira foi o "Boletín de la Asociación Provincial de Primera Enseñanza", revista mensual que terá un ano de vida con este nome. O seu primeiro número saíu o quince de xaneiro de 1899 (tense citado, erroneamente, como publicado en 1896), tiña oito páxinas e era gratis para os seus asociados. Destinado á defensa e fomento dos intereses dos mestres non oculta un certo matiz oficialista. Nas súas páxinas encontramos diversos artigos de fondo sobre o ensino, por exemplo sobre a educación relixiosa nas escolas (a liña era de defensa do catolicismo); tamén tiña unha "sección pedagóxica", que era unha especie de tribuna libre para os mestres; unha "sección de noticias", "s. legislativa", "s. científico-recreativa", etc, tratando de combinar a parte teórica coa parte técnico-científica. Estaba dirixido por un mestre, José Alvarez Vázquez, secretario desta asociación e propietario dunha librería na Praza Maior, n.º 13 de Ourense. O presidente da asociación era Emilio Amor Rolán e o tesoureiro, don Pío Ramón Ogea, home importante no galeguismo ourensán e pai do popular galeguista Ben-Choshey. As firmas máis habituais no Boletín son as de Salvador Padilla, José Fernández López e Juan Rodríguez Quesada. O quince de decembro de 1899 sae o último número deste Boletín, substituído en 1900 por unha revista semanal, "El Maestro Gallego", de oito páxinas tamén, con mesmo formato do Boletín e igualmente gratis para os asociados. Dirixiuno D. Gerardo Alvarez Limeses, impulsor e colaborador de múltiples empresas periodísticas, poeta galego e inspector de ensino primario. Esta revista publicaba artigos, poesías, unha biografía semanal, un retrato mensual dun mestre galego, noticias e unha sección pedagóxica. Era o seu administrador D. José Alvarez Vázquez e tiña a súa redacción na Rúa Pereira, 3-3.º. Entre os redactores estaban D. Joaquín Núñez de Couto e D. Pío Ramón Ogea.

En xullo de 1905 sae á rúa "El Magisterio Orensano", semanario ourensán do que foi director e propietario don Angel Ferrín Moreiras. Esta revista vaia fusionar con outra semellante, tamén defensora dos intereses do Maxisterio, titulada "El Maestro y la Escuela" e darán lugar, en 1912, a un novo semanario co nome "Magisterio y Escuela", do que foron principais animadores don Angel Ferrín e o Sr. Alvarez, secretario da Junta Provincial de Instrucción Pública.

Outra publicación importante foi o "Boletín del Magisterio", subtítulo "órgano defensor de los intereses morales y materiales de los maestros de la

Aínda é escasa a bibliografía sobre a prensa galega, a prensa ourensá e, máis concretamente, a prensa do maxisterio galego (1). A finalidade desta colaboración non é outra que sinalar o interese da prensa profesional adicada ao ensino, neste caso na provincia de Ourense, e especialmente animada polos mestres de primeiro ensino.



provincia", que sae á rúa o 5 de maio de 1906 e vivirá até o cinco de decembro de 1912. Esta publicación, decenal, tiña a súa redacción en Progreso, 50, e editábase na Imprenta "La Editorial", Paz, 12. Foi o seu primeiro director D. Rogelio Núñez de Couto, oficial da sección de Instrucción Pública, que é substituído en marzo de 1908 por Don Pío R. Ogea, até entón Administrador. Con este cambio trasládase a redacción á Rúa Bailén, n.º 8, onde estaba o Colexio San José de Calasanz, rexentado polo novo director. E unha publicación de tipo profesional, que combina os traballos científicos e literarios coa publicación de disposicións oficiais educativas, ademais de diversas "noticias", unha sección para traballos sobre agricultura e publicidade de libros, impresas e colexios. Son moitos os traballos de interese que aparecen nas súas páxinas, firmados, entre outros, por Gerardo Alvarez Limeses, José Alvarez, xefe da Sección de Instrucción Pública; Joaquín Núñez de Couto, os mestres José María González, Manuel E. Requejo Díaz; Juan Bautista Puig (fillo), Luciano F. Bello, Salvador Padilla—director do Instituto General e Técnico de Ourense—e outras firmas de mestres e profesionais do ensino en Galiza e de fóra do noso país. Este Boletín publica abundante información e opinión sobre o Maxisterio, por exemplo sobre o Congreso de Primeira Ense-

nanza celebrado en Santiago (octubro de 1909), sobre os problemas da Escola rural, sobre o ensino das linguas vivas e a gramática, sobre o traballo manual e o ensino, etc.

Non hai máis empresas periodísticas relacionadas co maxisterio até os anos da Segunda República. Pero non hai que esquecer que son mestres e profesores os impulsores de moitas empresas informativas que se suceden na provincia de Ourense nestes anos (entre 1820 e 1985 son máis de cento oitenta as publicacións, de diferente temática e periodicidade, rexistradas nesta provincia). Só algúns exemplos para evidenciar este feito: as relacións de Don Angel Ferrín e Gerardo Alvarez Limeses co "Boletín del Circulo Católico de Obreros" e outras publicacións; Don Emilio Canda, director do Colexio Balmes de Ribadavia e director-proprietario de "El Noticiero del Avia" (1910-36); Hixinio Vázquez Ameixeiras, mestre de idiomas e animador das Irmandades de Fala de Ourense, impulsor dunha segunda época de "O Tío Marcos da Portela" (1917-1919); o aporte dos homes da Xeneración Nós de Ourense, moitos mestres e profesores, a diferentes publicacións: "La Centuria", "Mi Tierra", "Nós", "Beraldo de Galicia", etc.; "La Zarpa", o periódico agrarista de Basilio Alvarez tiña unha sección propia adicada

ao ensino: "Nuestra página pedagógica" e ali escribiu tamén a menudo o mestre galeguista Xosé R. Fernández Oxea; Jacinto Santiago, profesor da Escola Normal de Maxisterio e da "Academia Xesta", impulsor e director en diversos momentos de "La Zarpa" (1920-36) e "La República" (1930-31); finalmente, Luis Soto Fernández e Albino Núñez Domínguez loitaban dende as páxinas de "La República" pola renovación educativa e por un ensino laico.

No paréntesis republicano hai dúas revistas do ensino, ambas vencelladas á "Asociación de Trabajadores de La Enseñanza de Orense" (ATEO). A primeira foi "Escuela del Trabajo", revista mensual que comenza a publicarse en marzo de 1932 e tiña a súa Redacción e Administración na Casa do Pobo de Ourense. Tiña arredor de vintedúas páxinas, tamaño folio, e editou vinteseis números. Era unha revista pedagóxico-técnica, preocupada por introducir os métodos da "Escuela Nueva" e a Renovación Pedagóxica. Foi o seu primeiro director Baltasar Vázquez, até setembro 1933 en que a Asociación elixe unha comisión executiva formada por M.L. Acuña, Eligio Núñez e Luis Soto. Vencellados á revista, ficaron tamén os nomes de Albino Núñez Domínguez, Abel Carbajales, Amadeo López Bello, Félix Salgado del Moral, Fernando Alvarez, Manuel Vázquez, Adolfo R. Ansias, M. Sueiro, etc. A ATEO ingresa, despois dalgunhas dúbidas, na FETE-UGT, en xullo de 1933. Dente 1935, e até o inicio da guerra, a revista pasa a chamarse como a Asociación, "ATEO", mantén a súa periodicidade mensual e os mesmos colaboradores. Eran revistas, pois, socialistas, aínda que nelas participaron ensinantes doutras tendencias: comunistas, galeguistas, etc. Luis Soto, un dos impulsores desta asociación, conta no seu libro de memorias (2) algúns detalles da vida da mesma e transcribe algúns traballos das revistas que publicaron.

Este foi o momento de maior apoxeo das revistas do ensino, especialmente de orientación progresista. Existía outra revista profesional de Maxisterio, "Magisterio Orensano", semanal, con 160 números publicados a finais de 1935, pero esta tiña unha orientación máis oficialista e técnica. Na posguerra, o franquismo verá a vida dalgunha publicación acorde co novo réxime, como "Magisterio Católico Español" (1940), órgano da Asociación provincial de mestres católicos de Ourense. Nos últimos anos tamén en Ourense xurdirá unha nova revista pedagóxica, "O Ensino", que sae á rúa en novembro-decembro de 1980, editada en Ourense pero de difusión para toda Galiza (con sete números editados en 1985).

- NOTAS: (1) Sobre a prensa galega, pódese ver M.º del C. Pérez Pais, Voz "Prensa", GEG, tomo 25, pp. 219-231. Sobre prensa do ensino, Anton Costa; Voz Magisterio; en G.E.G., Claudio González Pérez, "A prensa do maxisterio en Galicia", O Ensino n.º 0, nov. dec. 1980. Máis datos sobre prensa ourensá na miña serie "Xornalismo en Ourense", publicada en La Región tódolos domingos dende o 24 de febreiro de 1985, en curso. (2) Luis Soto, Castelao, a UPG e outras memorias, Edicións Xerais, 1983. Véxase o cap. VII: "A revolta dos escolantes".



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

